



Concello de A Mezquita

BANDO

Bono alugueiro mocidade

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Xunta de Galicia convoca o programa **Bono alugueiro mocidade** para facilitar o disfrute dunha vivenda ou habitación en réxime de alugamento ou de cesión de uso á mocidade con escasos medios económicos.

Requisitos:

- Ter menos de 36 anos no momento de solicitar a axuda.
- Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.
- Ser titular ou estar en condicións de subscribir en Galicia, en calidade de persoa arrendataria, un contrato de alugamento de vivenda ou, en calidade de persoa cesionaria, dun contrato de cesión de uso.
- Dispoñer dunha fonte regular de ingresos.
- Dispoñer dunhas rendas anuais, incluídas as das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida ou que se vai arrendar ou ceder, consten ou non como titulares dun contrato de arrendamento ou cesión, iguais ou inferiores a 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

A renda mensual da vivenda ou o prezo de cesión da vivenda obxecto do contrato de alugamento ou de cesión **non poderá superar os 400 € no noso Concello.**

Contía, duración e retroactividade das axudas:

- Concederáse unha axuda de 250 euros mensuais, co límite da renda mensual, do prezo da cesión ou, de convivir con outras persoas, do importe que lle corresponda satisfacer á persoa beneficiaria.
- A axuda concederáse ás persoas beneficiarias polo prazo de dous anos.
- Poderán recoñecerse desde o 1 de xaneiro de 2025, aínda que a data de recoñecemento fose posterior, sempre que o correspondente contrato de alugamento ou cesión de uso estivese vixente nesa data.

O **prazo** de presentación de solicitudes será **do 28 de febreiro ao 28 de marzo de 2025**. As **solicitudes** presentaranse obrigatoriamente na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> co formulario **VI482E**

Máis información no [DOG do 20 de febreiro de 2025](#) e en <https://igvs.xunta.gal/bono-aluguer-mocidade>

En A Mezquita, a 20 de febreiro de 2025.

O ALCALDE,

(documento asinado dixitalmente na marxe)

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

